

ACTA 3 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA UN POSTO DE TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE GRUPO C, SUBGRUPO C1

INFORME ALEGACIÓNS E CONVOCATORIA

Sendo as 13:30 horas do día 16 de xuño de 2022, reúnese de xeito telemático e telefónico, o tribunal nomeado, segundo Resolución de Alcadía n.º 2022-0714 de 6 de abril de 2022.

Dos membros nomeados pola citada resolución e convocados para o día de hoxe, participan os seguintes:

Dna. Blanca Fernández González, en calidade de presidenta; D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de secretario e D. Carlos Potel Alvarellós, en calidade de vogal.

Vistas as alegacións presentadas polos/as aspirantes, das que o tribunal emite informe en data 09.06.2022, no que establece:


- 1) **Desestimar as alegacións ás preguntas n.º 8, 11 e 41.**
- 2) **Estimar as alegacións ás preguntas n.º 20, 23, 29, 36, 40 e 53.**
- 3) **Anular o primerio exercicio tipo test da fase de oposición, dado que o número de preguntas de reserva é inferior ao número de alegacións estimadas.**
- 4) **Proceder a elaboración dun novo exercicio.**

Convócase ás/os aspirantes para a realización do primerio exercicio tipo test, da fase de oposición, o día **27 de xuño de 2022, ás 09:00 horas en: Centro de Desenvolvemento Local. Lomba do Cruceiro 5, 36866 Ponteareas. Deberán asistir provistos/as de DNI e lapis.**

Contra o presente acto, poderase interpoñer recurso de alzada ante o tribunal de valoración ou ante ou órgano que o nomeou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, de acordo co establecido, nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



Dna. Blanca Fernández González



D. Manuel Martínez Pérez